

CONCELLERÍA DE CULTURA DE CULLEREDO

COMEZA O PROGRAMA DE ANIMACIÓN Á LECTURA PARA ADULTOS NAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE CULLEREDO.

A Concellería de Cultura do Concello de Culleredo a través das súas Bibliotecas Municipais, comeza o curso 2008-2009 de actividades de Animación á Lectura para adultos con novidades respecto á Programación do pasado ano.

Comezan as actividades o día 4 de novembro ata o mes de xuño nas bibliotecas municipais de “Xosé Cardeso Liñares” de Villamelania-Vilaboa e “Miguel González Garcés” de Servizos Múltiples no Burgo.

Dirixidos aos usuarios adultos, realizaranse os clubs de lectura e a Tertulia Literaria, que reúnen dous alicientes distintos: a lectura persoal e íntima e a posibilidade de compartir a lectura con outras persoas.

Só é necesario o gusto pola lectura e inscribirse nas bibliotecas municipais ou a través do teléfono chamando ao 981 665 597, sendo unha actividade totalmente gratuíta.

PROGRAMACIÓN:

CLUB DE LECTURA DAS MAÑÁS:

Dirixido a un público adulto para compartir a lectura dun mesmo texto con outras persoas; celébrase os **martes**, cada quince días, de 11 a 12 horas na biblioteca “Miguel González Garcés” do Burgo; comeza o 4 de novembro e está dirixido técnicamente por persoal das bibliotecas.

CLUB DE LECTURA DAS TARDES:

Co mesmo obxectivo do anterior celébrase os **mércores**, cada quince días, de 17,30 a 18,30 h. da tarde na biblioteca “Miguel González Garcés” do Burgo; comeza o 5 de novembro, dirixido técnicamente por persoal das bibliotecas.

TERTULIA LITERARIA:

Dirixido a un público adulto para compartir o gusto polo debate, a tertulia, a conversa arredor dunha lectura compartida.

Desenvólvese o **1º martes** de cada mes, de 20.30 h. a 22 h. na Biblioteca "*Miguel González Garcés*" de O Burgo, comeza o 4 de novembro, e está dirixidos técnicamente por Nancy García.

TERTULIA DE ARTE (BASICO)

Introducimos como novidade este curso, a Tertulia de Arte (Básico) que ten como obxectivo achegar a un público heteroxeneo coñecementos básicos de arte patrimonio, coa idea de coñecer mellor a arte, a escultura e a pintura, clásica de vangardas, etc...

Comezará o 12 de novembro o **2º e 4º mércores** de cada mes de 11,30 a 13,00 h. dirixido pola pintora Luisa Valdés.

As bibliotecas Municipais o pasado ano 2007 tiveron perto de 30.000 visitantes e 6174 socios, manteñen os seus servizos de préstamos de libros, revistas, audiovisuais, acceso a internet e con 14.548 préstamos; 11.700 consultas de internet e 19.257 consultas aos fondos das bibliotecas.

Culleredo, 30 de outubro de 2008.
O concelleiro de Cultura

Asdo.: Celestino Poza Domínguez.